

Vionta, maga

Entre a ciencia ficción e a maxia móvense os personaxes de *A viaxe de Vionta*, un texto de Domingo Tabuyo que Everest Galicia publica na colección “Montaña Encantada” e que combina sofisticados adiantos tecnolóxicos cos máis primitivos poderes extra-sensoriais.

A maga Vionta leva un tempo ideando unha máquina que se poida trasladar practicamente a calquera época e lugar da Historia da Humanidade. O destino elixido é o México colonial da época de Hernán Cortés e así acompañada do voluntario forzoso Diego e os seus fieis colaboradores emprende a súa viaxe nun vello roupeiro... mais as palabras máxicas non son, ao parecer, as adecuadas e chegan á lúa. A volta será complicada, pero moi reconfortante para todos dende o punto de vista persoal.

Sabendo que a ciencia ficción é a arte de fabular o mundo do futuro e tendo presente que nalgunha ocasión a realidade pode superar á fic-

Desde a ironía



MARÍA NAVARRO

ción, o relato que Domingo Tabullo vén de crear sitúase



por unha banda, nese mundo da fantasía que tanto lles gusta aos rapaces e por outra, introduce o elemento máxico como o que fai posible que a ciencia funcione, mesturando dous planos aparentemente diferentes: o da ciencia-tecnoloxía e o dos poderes paranormais que nos recorda as disparatadas e divertidas aventuras dos personaxes dalgunha novela de Roald Dahl, nas que tamén a fantasía se fai dona dos acontecementos e as beberaxes son quen de elevar ás alturas os protagonistas e/ou facelos descender case por arte de maxia.

Por outra parte, a forma de afrontar a psicoloxía dos personaxes resulta atractiva para os lectores, sobre todo, porque ao longo da historia asistimos a un cambio significativo de posturas facendo que o que nun inicio raiaba a tiranía se transforme, en virtude das circunstancias, nun compromiso real de cambio positivo.

Logo a lingua clara e sinxela e o estilo tinguido de ironía e adobado cunhas pingas de humor garanten unha entretida lectura.

TABUYO, Domingo, *A viaxe de Vionta*, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2007, 83 páxinas.